



INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN 01/2026 SOBRE O RÉXIME DE TARIFAS PROVISIONAL DO EQUIPO MICROMERITICS 3FLEX

ANTECEDENTES

O Centro de Investigación en Nanomateriais e Biomedicina (CINBIO) conta nas súas infraestruturas co equipamento científico MICROMERITICS 3FLEX, e co obxectivo de garantir o acceso inmediato da comunidade investigadora ás súas prestacións, faise necesario establecer un marco tarifario que regule o seu uso ata a aprobación formal das taxas definitivas por parte dos órganos de goberno da Universidade de Vigo correspondentes.

INSTRUCCIÓN

Comunícase que, con efectos desde a data da presente instrución, o uso do equipo MICROMERITICS 3FLEX rexerase polas seguintes tarifas provisionais. Estas tarifas manteranse vixentes ata que se produza a aprobación definitiva das novas tarifas ou a modificación das mesmas.

CADRO DE TARIFAS PROVISIONAIS

A facturación dos servizos prestados polo equipo realizarase de acordo coa seguinte clasificación de usuarios/as:

6. Equipos Comúns				
6.17	MICROMERITICS 3FLEX Analizador volumétrico, caracterización de superficies e porosidade	A (€)	B (€)	C (€)
6.17.1	Fisisorción	30,00 ¹	S. O.	S. O.
6.17.2	Traballos específicos	S. O.	S. O.	S. O.

S. O.: Segundo Orzamento.

¹ Tarifa base por unidade de mostra procesada.

PROCEDEMENTO DE RESERVA E FACTURACIÓN

Os usuarios e usuarias deberán solicitar un orzamento previo a través da plataforma de xestión de solicitudes de servizos do centro cando así se indique: [LIMs](#).

Calquera modificación na configuración do ensaio que altere os custos previstos deberá ser comunicada e aprobada mediante un novo orzamento.

VIXENCIA

A presente instrución terá validez inmediata e expirará de forma automática no momento en que se publiquen as tarifas definitivas aprobadas polos órganos competentes da Universidade de Vigo.

E para que así conste, asino a presente en Vigo a 12 de febreiro de 2026.

Miguel Ángel Correa Duarte

Director do CINBIO